

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**8848** *Orde APA/680/2018, do 26 de xuño, pola que se modifica a data establecida no punto 1 do artigo 91 do Real decreto 5/2018, do 12 de xaneiro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español.*

O número 1 do artigo 91 do Real decreto 5/2018, do 12 de xaneiro, para a aplicación das medidas do programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español, establece que, para a medida de investimentos do dito programa, os compromisos de investimento aprobados a partir do 1 de xullo de 2018 para os produtos mencionados no anexo VII, parte II, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, financiaranse exclusivamente cos fondos do Programa de apoio ao sector vitivinícola español.

Da dita regulación derivan dúas consecuencias directas: a primeira, que a partir do 1 de xullo de 2018 calquera novo compromiso de investimento respecto aos produtos mencionados no anexo VII parte II do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, financiarase exclusivamente cos fondos do Programa de apoio ao sector vitivinícola español baixo os requisitos, condicións e procedementos regulados na sección cuarta do capítulo II do Real decreto 5/2018, do 12 de xaneiro. A segunda, que, respecto a estes mesmos produtos, a partir do 1 de xullo de 2018 non se poderán contraer compromisos de financiamento con outros fondos comunitarios. Con isto garántese que, respecto a estes produtos, unha mesma medida de investimento non sexa financiada con máis dun fondo comunitario no mesmo espazo temporal.

A experiencia adquirida na primeira convocatoria motivou que sexa necesario o atraso da data de delimitación temporal, baseada na data de compromiso mediante resolución, xa que existen convocatorias de axudas a investimentos en transformación e comercialización de produtos mencionados no anexo VII, parte II, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, pendentes de resolución con cargo a outros fondos.

Por isto, modifícase a data establecida no número primeiro do artigo 91 do Real decreto 5/2018, do 12 de xaneiro, do 1 de xullo de 2018 ao 17 de setembro de 2018, co fin de permitir que tales convocatorias poidan ser resoltas conforme o anterior período de programación. Doutro xeito, as ditas axudas quedarían sen posibilidade de seren atendidas.

A presente norma elaborouse conforme os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, que establece o artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en canto que esta persegue un interese xeral ao ter como finalidade lograr a congruencia entre as distintas actuacións levadas a cabo dentro do territorio nacional na materia obxecto de regulación. Constitúe o instrumento máis adecuado para garantir tal fin e é coherente co ordenamento xurídico existente, contribuíndo a un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza.

Substanciouse o trámite de audiencia e información pública establecido no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, a través da páxina web do departamento.

Na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas e entidades representativas dos sectores afectados.

Esta orde ministerial dítase ao abeiro da habilitación prevista na disposición derradeira segunda do Real decreto 5/2018, do 12 de xaneiro, que faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para modificar as datas e prazos que se establecen no referido real decreto.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación da data fixada no artigo 91 do Real decreto 5/2018, do 12 de xaneiro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español.*

Modifícase a data fixada no parágrafo segundo do número primeiro do artigo 91 do Real decreto 5/2018, do 12 de xaneiro, que queda redactado da seguinte maneira:

«Non obstante, para a medida de investimentos, os compromisos de investimento aprobados a partir do 17 de setembro de 2018 para os produtos mencionados no anexo VII parte II do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, financiaranse exclusivamente cos fondos do Programa de apoio ao sector vitivinícola español. Neste sentido, considerarase incompatible coa axuda a percepción de financiamento, para o mesmo investimento, derivado do uso de instrumentos financeiros apoiados pola Unión Europea, en especial do Banco Europeo de Investimentos.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 26 de xuño de 2018.–O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas Puchades.